



O MANATÍ



ocasionan a morte deste animal, tales como: a alta velocidade das embarcacións que circulan polos ríos, as construcións humanas cerca das costas, os produtos de desfeito e lixo que se botan directamente ao río e a caza indiscriminada dos pescadores.

O manatí, é moi apreciado pola súa carne vermella, a súa pel e a súa graxa. Para evitar esta caza, está en marcha un plan para "salvar ó manatí", no que se ofrece aos pescadores outra forma alternativa de gañar a vida, como por exemplo, proxectos de desenvolvemento turístico,

O manatí amazónico encóntrase no río Amazonas e en outros ríos de Guyana e Brasil.

O manatí africano vive en áreas costeiras e ríos de África Occidental

O dugongo distribúese polas costas do este de África, sur e sudeste de Asia, en Australia e nas illas do Pacífico.

LAURA RODRÍGUEZ VILA, B1A



Seguro que moitos de nós non coñeciamos o manatí, pero é un de moitos outros que hai na natureza e que aínda non coñecemos. Por iso imos falar algo del.

O manatí é un herbívoro acuático que de adulto pode chegar a pesar uns 700 kg. Na actualidade hai tres especies de manatís no mundo: o manatí antillano ou do Caribe, o manatí amazónico e o africano. Son os únicos mamíferos que se alimentan exclusivamente de plantas.

Algunhas características do manatí:

O seu corpo é fusiforme e as súas extremidades transformáronse en aletas, ademais de outras adaptacións ao medio acuático. Necesitan subir á superficie para respirar, pero poden permanecer somerxidos ata vinte minutos. Cando se somerxen,

dous orificios que teñen enriba da boca, cérranse hermeticamente.

Teñen os ollos pequenos e os oídos non se ven aparentemente. A súa dentadura carece de incisivos e caninos, e os molares móvense e renóvanse cara a diante, de maneira continua. Caso único entre os mamíferos. Os seus ósos son pesados, o que facilita a inmersión e non teñen médula, costelas nin aletas frontais. Os pulmóns sitúanse en posición dorsal.

Falaremos agora da súa conservación:

O manatí, que habita nos ríos de Amazonía, é un mamífero que corre un serio perigo de extinción. No último censo realizado nos ríos amazónicos e polo norte do litoral atlántico do país, só se puideron contar catrocentos manatís.

Hai varios motivos que